



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Será presidente o presidenta do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) O Servizo Galego de Saúde non ten presidencia.
- C) A persoa elixida polo Parlamento, sendo necesario o voto favorable de tres quintos da cámara.
- D) A persoa titular da Xerencia deste organismo autónomo.

**2. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia exércense a través:**

- A) do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.
- B) do Parlamento, da Xunta e do Tribunal Superior de Xustiza.
- C) do Parlamento, da Xunta e dos diferentes concellos.
- D) do Parlamento, da Xunta e das Deputacións provinciais.

**3. O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento**

- A) Cando sexa maior de catorce anos.
- B) Cando sexa maior de dezaseis anos.
- C) Cando sexa maior de dezaioito anos.
- D) Cando sexa maior de once anos.

**4. A forma política do Estado español é:**

- A) Monarquía parlamentaria.
- B) República unitaria.
- C) Monarquía federal.
- D) Monarquía constitucional.

**5. Sinale cal dos seguintes NON é un dereito das persoas usuarias do sistema sanitario público:**

- A) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- C) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- D) A elixir o médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas no ordenamento xurídico.

**6. Os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:**

- A) De interinidade.
- B) De carácter eventual.
- C) De substitución.
- D) Todas las respuestas son correctas.

**7. Nunha empresa de 250 traballadores/as, cantos delegados/as de persoal se designarán?**

- A) Só se designarán representantes do persoal.
- B) Dous.
- C) Catro.
- D) Tres.

**8. Sinale cal dos seguintes NON é un valor superior do ordenamento xurídico español de acordo co artigo 1 da Constitución:**

- A) Liberdade.
- B) Igualdade.
- C) Xustiza.
- D) Pluralismo sindical.

**9. De que prazo disporán as persoas aspirantes nomeadas para incorporarse ao destino adxudicado tras un proceso selectivo?**

- A) Quince días.
- B) Un mes.
- C) Tres semanas.
- D) Catro días.

**10. Segundo o Estatuto de autonomía, a lingua propia de Galicia é:**

- A) O galego e o castelán por igual.
- B) O castelán.
- C) O galego.
- D) Galicia non ten lingua propia.

#### Preguntas de reserva

**1. Sinale cal das opcións NON é correcta:**

- A) Os datos persoais relativos á saúde son considerados como datos sensibles, especialmente protexidos.
- B) A información relativa á saúde mental dunha persoa física se considera datos de saúde.
- C) Non son datos de saúde os relativos ás características xenéticas herdadas ou adquiridas dunha persoa física.
- D) A historia clínica comprende o conxunto dos documentos relativos aos procesos asistenciais de cada paciente.

**2. Indique o enunciado correcto en relación coa natureza do Servizo Galego de Saúde:**

- A) É un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) É un organismo autónomo de natureza administrativa, carente de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) É un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e sen capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) É un organismo autónomo de natureza empresarial, carente de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.